

Estimadas familias:

Comunícase que, no DOG de 16 de maio, publicouse a Orde que regula o fondo solidario de libros de texto para 1º e 3º de ESO, as axudas para a adquisición de libros de texto para 2º e 4º de ESO e para a adquisición de material escolar (toda a ESO). A devandita Orde pode ser consultada na páxina web do IES ou da Consellería.

1. **Fondo solidario (1º e 3º de ESO):** Pode solicitalo todo o alumnado destes cursos, con independencia da renda per cápita. Os libros dispoñibles serán repartidos por orde inversa á renda ata que se esgoten.
2. **Axudas de libros de texto (2º e 4º de ESO):**
  - . Renda per cápita igual ou inferior a 5.400 €: 180 euros
  - . Renda per cápita igual ou inferior a 9.000 €: 104 euros
  - . Alumnado de EE ou co discapacidade igual ou superior ao 65%: 250 euros
3. **Axudas para material escolar:**
  - . Renda per cápita igual ou inferior a 5.400 €: 50 euros

O cálculo para a renda per cápita corresponde ao **exercicio fiscal 2014**. (Súmanse os recadros 430 e 445 das rendas presentadas na unidade familiar, dividido entre os membros computables).

A solicitude será **ÚNICA** para todos os fillos admitidos no mesmo centro docente para o curso 2016/17. Irá acompañada da **fotocopia do libro de familia onde figuren todos** os membros computables (amosarase tamén o orixinal para a súa comprobación). No seu defecto aportarase certificado ou volante de empadramento ou informe dos servizos sociais. Tamén se aportará calquera outra documentación acreditativa (certificado de discapacidade, violencia de xénero, sentencias xudiciais de separación, divorcio...). Os documentos reflectirán a **situación familiar a 31 de decembro de 2014**.

O prazo para a presentación remata o **23 de XUÑO**.

O impreso de solicitude poderá obterse en:

- . Na Xefatura Territorial de Educación (edificio administrativo de Monelos).
- . Na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>
- . No portal educativo <http://www.edu.xunta.es>
- . Na conserxería do IES.

A solicitude poderá entregarse no IES (horario de 09:00 a 14:00), ou no rexistro de Xefatura Territorial de Educación, no edificio administrativo de Monelos.

Para optar ás axudas é requisito imprescindible **DEVOLVER** os libros de texto adquiridos ou prestados coas axudas ou fondo para este curso 2015/16.

A devolución realizarase os días **20, 21 ou 22 de XUÑO como data límite**.

Agradecendo a súa colaboración.

Cambre, 19 de maio de 2016  
Atte. A Dirección